

OS CARBALLOS GALEGOS

Enrique Niño Ricoi

Baixo este epígrafe imos incluír todas as especies do xénero *Quercus* presentes na Galiza, aínda que algunhas disten moito de poder ser chamadas do nome vulgar no que as queremos clasificar.

O xénero *Quercus*, que pertence á familia das FAGACEAS, toma o seu nome do celta «QUER»: belo e «CUEZ»: árbore; esta formado por máis de 600 especies, todas leñosas; poder ser árbores, arbustos ou matas, pero case sempre con porte arbóreo e frecuentemente de gran talla.

Apresenta follas alternas, simples, peninérveas con grande variedade de formas, borde, consistencia, coloración e persistencia.

Flores unisexuais e monoicas. As masculinas en amentos filiformes, interrompidos e colgantes, con 6-12 estames longos. As femininas ailladas ou en grupo pequenos, con ovário coroado polas divisións do perianto adherente e con 3-6 estilos e estigmas. Fecundación anemófila.

Froito en landra, protexido por unha cúpula leñosa e indeiscente na madurez.

Na Galiza atopamos até sete especies autóctonas, máis ou menos numerosas; para poder distinguir unhas das outras, incluímos unha pequena clave adoptada de López Lillo:

Quercus rotundifolia Lam.

(*Q. ilex* L. subsp. *ballota* (Desf) Samp.)

Enciño, enciñeira, carrasco, chaparra.

Arbore que pode chegar aos 20 m., aínda que o máis frecuente é que non pase de arbusto. Cortiza negrusca, moi agretada. Follas máis ou menos redondeadas, de 3-5 cm, verde claro primeiro escurecendo despois, envés tomentoso, frecuentemente bordeadas de dentes espiñosos, persistentes.

Planta de clima mediterráneo, adaptada a todo tipo de solos.

Non moi abundosa, atopa-se ao longo dos vales dos ríos Sil, Cruzul e Cabe, no Caurel, Trevinca, etc.



Quercus rotundifolia

Quercus suber L.

Sobreira, corticeiro.

Arbore de até 25 m. Raíz principal penetrante e secundarias que producen renovos. Tronco dereito con cortiza grisácea moi grosa. Follas de ovadas a oblongo-lanceoladas, de 3-8 cm, coriáceas, verde escuras na face, tomentosas no envés,



Quercus suber

1. FOLLAS ESBACUXADAS DO ENVÉS

1.1. Follas coriáceas co nervo medio recto.....

1.2. Follas membranosas co nervo medio sinuoso.....

QUERCUS ROTUNDIFOLIA

QUERCUS SUBER

2. FOLLAS NON ESBACUXADAS NO ENVÉS

2.1. Follas lobuladas:

2.1.1. Follas pubescentes.....

2.1.2. Follas lampiñas:

2.1.2.1. Follas sen pecíolo ou este moi curto, auriculadas na base.....

2.1.2.2. Follas pecioladas, cuneadas na base.....

QUERCUS PYRENAICA

QUERCUS ROBUR

QUERCUS PETRAEA


2.2. Follas non lobuladas:

2.2.1. Arbusto pequeno, folla case sentadas.....


2.2.2. Arbore ou arbusto grande, follas con pecíolo de máis de 5 mm.....

QUERCUS FRUTICOSA


QUERCUS FAGINEA.




Quercus pyrenaica



Quercus robur



Quercus petraea



Quercus fruticosa Brot

bordes enteiros ou algo denticulado-espiñosos, persistentes.

Planta de clima mediterráneo e solo silíceo. Na Galiza atopa-se entre os ríos Ulla e Miño, indo caro o interior. Tamén aparece noutros puntos aillados.

Quercus pyrenaica Willd.

(*Q. tozza* Bast.)

Cerquiño, cerqueiro, carballo negro.

Arbore de talla média, de 20-25 m, con raíces horizontais estoloníferas. Tronco recto, cortiza grisáceo-pardusca, agretada. Follas obovadas ou elípticas de 7-16 cm, subcoriáceas, branquecinas ou sonrosadas ao desenvolver-se, despois verde cincentas, aterciopeladas, contorno heteromorfo de lobulado a profundamente pinatífido, marcescentes sobre todo en exemplares novos. Landras sentadas ou sobre pedúnculo curto.

Planta de clima submediterráneo ou mediterráneo húmido, propia de solo silíceo. Abundosa sobre todo na provincia de Ourense, sul da de Lugo e oeste da de Pontevedra.

Quercus robur L.

(*Q. pedunculata* Ehrh.)

Carballo.

Arbore de talla grande, pode pasar dos 40 m, sistema radical profundo, tronco dereito, cortiza grisácea, lisa até os 20 anos, despois agreta-se. Follas obovado-oblongas de 5-12 cm, membranosas, verde-escuro mate na face, máis pálidas no envés, irregularmente lobuladas, caedizas. Landras agrupadas nun longo pedúnculo.

De clima templado húmido, é propia de solos compactos e profundos. Moi abundosa en toda Galiza.

Quercus petraea

(Mattuschka) Liebl. (*Q. sessili-flora* Salisb.)

Carba.

Arbore que pode chegar a máis de 30 m. Sistema radical potente, tronco dereito, cortiza parda, agretada nos exemplares vellos. Follas ovado-oblongas de 6-12 cm, algo coriáceas, face verde-intenso brillante, envés máis pálido, borde ondu-

PEQUENO GLOSARIO BOTÁNICO

Alternas:

Disposición das follas, ailladas no caule.

Amento:

Espiga péndula de flores pequenas, unisexuais e nudas.

Anemófila:

Di-se da fecundación realizada por mediación do vento.

Arista:

Ponta longa e delgada.

Aurícula:

Apéndice, na base das follas, en forma de orella.

Coriáceo:

De consistencia fore, similar ao coiro. O contrario é membranoso.

Cuneada:

Di-se da base das follas en forma de cuña.

Estípula:

Cada órgano foliáceo situado na base do pecíolo das follas.

Estolón:

Bote ou renovo que orixina novos pes de plantas.

Indeiscente:

Froito que non abre espontánea ou naturalmente.

Lampiña:

Desprovista absolutamente de pelo.

Marcescente:

Di-se da folla que seca pero no se desprende.

Monoica:

Plantas con flores masculinas e femininas no mesmo pe.

Oblongo:

Máis longo que ancho e cos bordes converxentes.

Obovado:

En forma de ovo, coa parte máis ancha no ápice.

Ovado:

En forma de ovo, coa parte máis ancha na base.

lado, mercescentes. Landras sentadas ou case, agrupadas. É planta de clima templado-húmido, adaptando-se a solos pouco profundos e lixeiros. Atopa-se nos Ancares e no Cebreiro, se ben tamén aparecen nalgún ponto costeiro.

***Quercus fruticosa* Brot**

(*Q. lusitanica* Lam.)

Caxigo, carballo anano.

Arbusto de arredor de 1 m, de raíces estoloníferas. Follas ovado-lanceoladas de 2,5-5 cm, verde lustroso na face e máis claro no envés, de borde lobulado-dentado, marcescentes. Landras sentadas.

Planta propia de clima mediterráneo e solo silíceo. Na Galiza non foi citada máis que no Ponde Pindo (A Coruña).

***Quercus faginea* Lam.**

(*Q. lusitanica* aut. non Lam.)

Caxigo.

Arbore de até 20 m de raíces estoloníferas moi fortes e extendidas. Tronco recto de cortiza gris-

pardo, moi rugosa. Follas máis ou menos elípticas, de 1,5-6,5 cm, coriáceas, verde lustrosas na face e pálidas no envés, de borde sinuado-dentado, marcescentes. Landras subsentadas ou curtamente pecioladas, cilíndricas.


Planta de clima submediterráneo ou mediterráneo húmido, adaptando-se a solos moi diversos.

Non moi abundosa, citada nas Nogais (Lugo) e Xinzo de Límia, Verín e Pereiro de Aguiar (Ourense).


Ademais, na Galiza atopanse cultivados e ocasionalmente subespontáneos dous carballos americanos, o *Quercus rubra* L. e o *Quercus palustris* Muenchh., doadamente distinguíbeis do resto pola forma da folla (lóbulos terminados en dentes máis ou menos aristados) e pola cor vermella que adquiren no Outono. Entre unha e outra diferencian-se pola profundidade da lobulación (máis acusada no *palustris*) e polos mechóns pilosos do envés desta última especie, que é a menos frecuente.



Quercus faginea Lamb



Quercus palestris



Quercus rubra

BIBLIOGRAFIA

CASTROVIEJO, S. e col:

«Flora ibérica. Volumen 2». C.S.I.C., Real Jardín Botánico. Madrid. 1990

ZCO, X.:

«Flora vascular», in A natureza ameazada. Consello da Cultura Galega. Santiago. 1989

LOPEZ LILLO, Antonio:

«Arboles de Madrid». Consejería de Agricultura y Montes-Comunidad de Madrid. 1987

PHILLIPS, Roger:

«Los árboles». Ed. Blume, S.A. Barcelona. 1985

RUIZ DE LA TORRE, Juan:

«Arboles y arbustos de España». Salvat Ed., S.A. Barcelona. 1977.

«Arboles y arbustos de la España Peninsular». E.T.S.I. Montes. Madrid. 1979

Peninérvea:

Cos nervos dispostos como as barbas dunha pluma.

Periántio:

Parte máis externa da flor, ormada polo cálice e a corola.

Pinatífida:

Coa marxe fendida, con división que como moito chegan a metade do meio limbo.

Pubescente:

Cuberta de pelos finos e suaves ao tacto.

Sentado:

Sen pecíolo ou pedúnculo.

Sinuado:

Borde das follas lixeiramente ondulado, con senos pouco profundos.

Tormentosa:

Cuberta moi densamente de pelos curtos e ramificados, semellando unha borra.